

EXPTE. 2021000029440

ASUNTO:

NOTA DE VALORACIÓN POLO INTERVENTOR XERAL SOBRE O PLAN DE ACCIÓN PRESENTADO POLA PRESIDENCIA DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA CORRIXIR AS INDICADAS NO INFORME DE AUDITORÍA FINANCEIRA DA CONTA XERAL DE 2020 E SEGUIR AS RECOMENDACIÓNS DO INFORME IRCIA.

Ao abeiro do disposto no artigo 38.3 do Regulamento do réxime xurídico de control interno das entidades que conforman o sector público local (R.D. 424/2017, de 27 de abril, emítase **INFORME DE VALORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSORCIO DE LOITA CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**, de conformidade cos seguintes apartados

I. ANTECEDENTES.

PRIMEIRO.- Logo de que o ente adscrito Consorcio provincial contra incendios e salvamento tivera elaborada a Conta xeral do exercicio económico de 2020, foi remitida a este órgano interventor para o efecto de que fora sometida a unha auditoria financeira, dándolle así cumprimento ao disposto no artigo 33 do Regulamento de control interno e na execución do Plan de control interno 2020-2021.

SEGUNDO.- Realizados os traballos de auditoría consonte ao previsto nas NIA-ES-SP aprobadas pola IGAE, Con dada de 2 de xullo de 2021, o Interventor adxunto emitiu o informe provisional de auditoría, remitíndose á Presidencia da entidade para o efecto de alegacións.

TERCEIRO.- A Presidencia do Consorcio solicitou unha primeira ampliación de prazo para presentar o escrito de alegacións e, ao remate da primeira ampliación concedida, solicitou unha segunda prórroga extraordinaria, tendo en conta o período vacacional do persoal do Consorcio. Atendida esta circunstancia, foi concedida esta prórroga extraordinaria, presentándose o escrito de alegacións o día 31 de agosto de 2021.

CUARTO. Avaliado o escrito de alegacións, emitíuse o **INFORME DEFINITO DE AUDITORÍA con opinión modificada desfavorable** con data de 13 de setembro, sendo notificado de inmediato á Presidencia da entidade. Días despois achegouse o **Informe de recomendacións de control interno e adicional ao de auditoría (IRCIA)**, documento no que se indicaban un conxunto de medidas que tiñan como finalidade orientar as actuacións da entidade para solventar as eivas postas de manifesto no informe de auditoría.

QUINTO.- Con data de hoxe, día 15 de outubro, recíbese un oficio co que se achega a Proposta de Plan de acción asinado polo Presidente da entidade, no que se detallan as accións a levar a cabo para corrixir as deficiencias ou eivas indicadas no informe de auditoría e implantar as recomendacións fixadas no IRCIA.

II. LEXISLACIÓN APLICÁBEL.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público.
- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades que conforman o Sector público local, aprobado por Real decreto 424/2017, de 27 de abril.

III. CONSIDERACIÓN ÚNICA.

Examinouse o Plan de acción redactado pola Presidencia, no que se abordan cada unha das deficiencias postas de manifestó no informe de auditoría, seguindo a orde na que foron expostas en cada un dos apartados daquel informe. Para cada unha das medidas correctoras establécese a actuación a desenvolver, o prazo para levala a cabo e sinálanse as persoas responsables do seu desenvolver. Configurado así o plan, debe valorarse positivamente pola súa concreción e carácter claramente executivo.

En xeral, de cumprirse os prazos establecidos, a meirande parte das correccións estarían realizadas antes de que remate o actual exercicio económico. Quedarían pendentes de corrixir as eivas postas de manifestó no apartado de outras consideracións legais e regulamentarias do informe de auditoría e tamén no IRCIA, referidas á adaptación dos Estatutos á Lei 40/2015 e a regularización do réxime de contratación do persoal de intervención. O prazo para cumprir coa adaptación estatutaria fíxase para xuño de 2023 e no tocante á oferta de emprego e realización das probas selectivas para a cobertura definitiva dos postos de traballo do persoal de intervención, establécese como data de cumprimento o mes de outubro de 2022.

IV. CONCLUSIÓN.

A proposta de Plan de acción que presenta a Presidencia cumpre coas recomendacións realizadas por esta Intervención no informe IRCIA e, sempre que se leve a cabo nos termos expostos, ao correxirse xa neste exercicio 2021 as eivas de maior importancia indicadas na auditoría da Conta xeral de 2020, permitirá formular unha conta xeral para o exercicio 2021 que reflecta fielmente a situación económico-financeira e patrimonial da entidade.

Agora ben, sen prexuízo da valoración positiva do plan proposto, nos traballos de auditoría que se executen sobre conta xeral do exercicio 2021 comprobarase se efectivamente se teñen corrixido as deficiencias e eivas apreciadas na Conta xeral de 2020, sen que este informe prexulgue ou oriente a opinión que teña que manifestarse no seu momento.

A Coruña, 15 de setembro de 2021.

O Interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera.